

BOLETÍN INFORMATIVO DA SECCIÓN SINDICAL DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA

21 de decembro do 2017

✓ REUNIÓN MESA XERAL DÍA 20 DE DECEMBRO: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2017

A) PROPOSTA DA CIG:

O día **20 de Decembro do 2017** reuniuse a Mesa Xeral de Negociación da Deputación para tratar a proposta de Oferta Emprego Público 2017 (OEP). A Equipa de Goberno da Deputación presentou unha oferta de consolidación de emprego para 32 prazas, ocupadas na actualidade por persoal laboral indefinido, 8 prazas que corresponden a taxa de reposición e 12 prazas de promoción interna.

Esta oferta conta coa novidade de incorporar un proceso de consolidación de emprego que no seu día comentamos que podía ser un “caramelo envelenado” e dicíamos isto porque a consolidación é un proceso especial e, polo tanto, debe levar garantías especiais.

A CIG formulou alegacións á proposta do Goberno da Deputación, nas que achegamos as alternativas que consideramos necesarias para levar adiante o proceso de consolidación. Por exemplo:

- Negociar e consensuar coas centrais sindicais as bases xerais de todas as convocatorias.
- Dereito dos traballadores/as que non superen unha convocatoria a participar nas dúas seguintes sen perder o posto de traballo, incorporándoos a unha bolsa de postos vacantes destinados a tal fin.
- Dereito dos traballadores/as que non superen a 3ª proba a seren indemnizados, no caso de que a Deputación extinga a súa relación laboral, de 45 días de salario por ano de servizo, cun máximo de 42 mensualidades.

Istas propostas, TODAS, foron rexeitadas polo equipo de goberno da Deputación !!!!

B) PROCESO SELECTIVO DA OFERTA DA DEPUTACIÓN PARA OS GRUPOS C2 E AP: SISTEMA DE CONCURSO:

O sistema selectivo previsto na oferta para os grupos C2 e AP é o concurso. Ista medida que a CIG considera útil por evitar que persoas de 50 ou 60 anos teñan que someterse a unha oposición, por escrito, foi rexeitada polas organizacións sindicais CCOO, CSIF e USO; sendo a CIG e o Comité de Empresa os que nos manifestamos a favor do concurso.

Non deixa de sorprenden que as centrais sindicais: CCOO, CSIF e USO se posicionaran contra o concurso e a favor do concurso-oposición, minutos despois de que a Deputación se negara a aceptar a proposta de consensuar cos sindicatos as bases dos procesos selectivos, colocando ás centrais sindicais fora de xogo e á marxe do control das regras das convocatorias.

Seguimos facendo traballo sindical.....